



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Investigación e avaliación da calidade de proxectos educativos		Código	652G01010
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva Maria		Correo electrónico	eva.espineira@udc.es
Profesorado	Espiñeira Bellon, Eva Maria		Correo electrónico	eva.espineira@udc.es
	Muñoz Cantero, Jesus Miguel			jesus.miguel.munoz@udc.es
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&codigo=652G01010&grupo=B			
Descrición xeral	A investigación e a avaliación en Educación empeza a orientarse cara un coñecemento máis amplo sobre o descubrimento das posibilidade dos procesos de ensino e aprendizaxe para os/as investigadores/as, convertíndose nunha ferramenta para a formación permanente e autónoma dos/das docentes. Convertindo, desta maneira, aos/ás docentes en axentes investigadores e avaliadores. O propósito formativo básico desta materia céntrase nun coñecemento do ámbito da investigación e avaliación educativa desde tres vertentes; teórica, metodolóxica e instrumental. A proposta que se plantexa neste programa vai dirixida a que o alumnado teña unha panorámica xeral destes campos disciplinares, así como a que se vaian exercitando en prácticas específicas de investigación e avaliación, que supoñen un control da calidade dos procesos e dos produtos que conducirán a mellorar a calidade do ensino. Estas prácticas concréntanse ou precísanse no marco deste programa e se desenvolverán de forma paralela aos contidos teóricos. Precísase, polo tanto, un/unha mestre/a investigador/a cuxo papel sexa fundamentalmente crítico e reflexivo, que centre a súa actividade cara un coñecemento directo do contexto onde actúa para dirixilo cara a consecución dun cambio.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Ao terminar con éxito esta materia, o alumnado será capaz de:		A29	B5 C1
- Extraer a información relevante de artigos científicos mediante o emprego do método científico e do proceso de investigación.			B11 C8
			B12
- Explicar os conceptos e modelos aplicables á avaliación e á calidade educativa.		A29	B5 C1
			B10
			B11
			B13
			B16



- Demostrar o manexo de instrumentos de recollida de información pertinentes para avaliar a satisfacción cun proxecto educativo de centro.	A23 A24 A25 A29 A30	B5 B11 B12 B13	C1
- Diseñar unha proposta de mellora na que se inclúa o proceso de planificación, execución e avaliación desta por cada debilidade atopada nun proxecto educativo de centro.	A26 A29 A30	B2 B5 B12 B13	C1 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque I. Conceptualización da investigación, avaliación e calidade	Tema 1. O proceso de investigación educativa 1.1. Conceptualización 1.2. Formulación do problema 1.3. Revisión da literatura/bibliografía 1.4. Hipóteses e variables 1.5. As variables 1.6. A mostra 1.7. Técnicas de recollida da información 1.8. Técnicas de análise de datos 1.9. Conclusións 1.10. O informe de investigación Tema 2. Aproximación ao concepto de avaliación 2.1. Evolución do concepto 2.2. Definición de avaliación educativa 2.3. Tipoloxía de avaliación 2.4. Obxectivos e funcións da avaliación Tema 3. Aproximación ao concepto de calidade educativa 3.1. Evolución do concepto 3.2. Aproximación ao concepto de calidade educativa 3.3. Tipoloxías
Bloque II. Técnicas de recollida da información	Tema 4. Técnicas de recollida da información 4.1. Técnicas de observación 4.2. Técnicas sociométricas 4.3. Técnicas biográficas 4.4. Técnicas grupales 4.5. Escalas de actitude 4.6. Probas
Bloque III. Metodoloxía observacional	Tema 5. Técnicas de observación 5.1. Observación directa simple 5.2. Observación directa experimental 5.3. Observación documental 5.4. Observación por encuesta



Bloque IV. Análise da información e elaboración do informe	Tema 6. Técnicas de análise de datos 6.1. Clasificación dos datos 6.2. Análise de datos 6.3. Conclusións Tema 7. O informe de investigación 7.1. Aspectos a ter en conta para a súa elaboración 7.2. Contido e presentación formal
Bloque V. Modelos para a avaliación de calidade de centros e proxectos educativos.	Tema 8. Modelos de avaliación 8.1. Modelos de avaliación das organizacións 8.2. Modelos de avaliación desde un punto de vista epistemolóxico e metodolóxico 8.3. Modelos humanísticos, fenomenolóxicos ou subxectivistas 8.4. Modelos holísticos Tema 9. Modelos de xestión de calidade 9.1. Modelo de control de calidade global da empresa 9.2. Modelo do Premio Deming á calidade 9.3. Modelo de Malcolm Baldrige 9.4. Modelo Europeo de Xestión de Calidade 9.5. Modelo Iberoamericano de Excelencia na Xestión Tema 10. Tipos de proxectos educativos 10.1. Proxecto Educativo do Centro 10.1.1. Concreción curricular 10.1.2. Acción tutorial, Plan de Convivencia e de Lectura 10.1.3. Medidas para compensar carencias en comunicación lingüística (lingua castelá e cooficiais) 10.1.4. Plan de mellora 10.2. Proxecto de Xestión 10.3. Normas de organización, funcionamento e convivencia 10.3.1. Plan de convivencia 10.3.1.1. Normas de convivencia e conduta dos centros 10.3.1.2. Protocolos de actuación 10.4. Programación Xeral Anual Tema 11. Avaliación de Proxectos Educativos 11.1. A avaliación da calidade nos centros educativos. Tipoloxía. 11.2. Avaliación da calidade na educación infantil 11.3. Plan de mellora 11.3.1. Criterios, ámbitos e indicadores

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A23 A30 C6 C8	21	21	42
Traballos tutelados	A24 A25 A26 A29 A30 B2 B5 B10 B11 B12 B13 C1 C6	19	0	19



Eventos científicos e/ou divulgativos	B16 C6 C8	0	3	3
Análise de fontes documentais	B10 B11 B12 C6 C8	0	11	11
Aprendizaxe colaborativa	A29 B5 B12 C1	0	15	15
Aprendizaxe servizo	A24 A25 A26 A29 B2 B5 B10 B11 B12 B16 C1	0	15	15
Proba mixta	A23 A24 A25 A26 A30 B2 B11 B12 C1 C6 C8	2	42	44
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Alguns contidos do programa precisan unha exposición maxistral por parte do profesorado para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso, as clases expositivas, céntranse na exposición oral dos ditos contidos, complementada co emprego de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Os contidos desenvolvidos nas clases expositivas formarán parte da proba mixta.
Traballos tutelados	As clases expositivas combinaranse con clases interactivas guiadas polo profesorado e nas que o alumnado cobra un papel importante. Nas clases interactivas, empregaranse metodoloxías deseñadas para promover a aprendizaxe autónoma dos/das estudantes, baixo a tutela do profesorado e en escenarios variados (académicos e profesionais). Estarán referidas prioritariamente á aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?, o cal constitúe unha opción baseada na asunción polos/polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos/das estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado-titor. Os contidos desenvolvidos nos traballos tutelados formarán parte da proba mixta.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo. Os contidos desenvolvidos nestas charlas, conferencias,.... formarán parte da proba mixta.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.



Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Proba mixta	A proba final dos contidos desenvolvidos nas sesións expositivas e interactivas realizarase mediante unha proba mixta na data de exame fixada pola Xunta de Facultade. Esta proba, poderá integrar preguntas tipo de probas de ensaio (abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de probas obxectivas, que poderán combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Proba mixta Aprendizaxe servizo	O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia realizando o alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando. É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas. As titorías desenvolveranse, polo tanto, na aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma: * No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizaranse nas clases expositivas). * A grupos de traballo pequeno (realizaranse nas clases interactivas -prácticas- ou de maneira virtual a través de Teams). * Individuais (poderán ser tanto virtuais como presenciais e versarán sobre o progreso do alumnado). As presenciais realizaranse no despacho do profesorado e as virtuais a través de Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A24 A25 A26 A29 A30 B2 B5 B10 B11 B12 B13 C1 C6	A metodoloxía de traballos tutelados porase en práctica nas clases interactivas. Para a realización dos traballos tutelados é preciso formar pequenos grupos de traballo e débese ter en conta o seguinte: - Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas). - Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso en que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica. - Estos grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado. O profesorado realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo. O profesorado indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado sepa realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.	20



Sesión maxistral	A23 A30 C6 C8	Asistencia e participación en clases, seminarios e titorías.	10
Proba mixta	A23 A24 A25 A26 A30 B2 B11 B12 C1 C6 C8	Os contidos abordados nas sesións expositivas e interactivas avaliaranse mediante unha proba mixta. O sistema de corrección da dita proba será o seguinte: - Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: acertos - erros/nº alternativas - 1.	50
Aprendizaxe servizo	A24 A25 A26 A29 B2 B5 B10 B11 B12 B16 C1	Dentro da metodoloxía de traballos tutelados, haberá varias prácticas que darán resposta á proposta de Aprendizaxe Servizo que se desenvolva.	20

Observacións avaliación



CARACTERÍSTICAS

DA AVALIACIÓN:

A

avaliación nesta asignatura concíbese como un proceso reflexivo onde o alumnado toma conciencia de sí mesmo e das súas metas e os docentes convértesse en guías que orientan de cara a acadar uns obxectivos formativos. Neste sentido, propónse unha avaliación orientada á mellora que comporta o seguinte:

-

As actividades realizadas para a avaliación serán tamén útiles para a aprendizaxe.

-

Propónse a proalimentación co fin de que o alumnado saiba coñecer onde está e mellorar o seu traballo e a súa aprendizaxe.

-

O alumnado implicarase na avaliación do seu traballo, tendo a autoavaliación un espazo da materia.

CRITERIOS

DE CUALIFICACIÓN:

Na

avaliación da materia, a cualificación obtense da aplicación das porcentaxes de ponderación sinaladas. A non realización ou a non obtención da puntuación mínima nalguna das dimensións desta avaliación, suporá a non obtención da dita porcentaxe da cualificación e a conseguinte non superación da materia. Na segunda convocatoria, conservaranse as cualificacións superadas na primeira, polo que o estudantado só deberá someterse aos procedementos nos que non teña obtido a puntuación mínima esixida (50% en cada caso). En terceira e sucesivas convocatorias, a avaliación deberá repetirse na súa totalidade.

NOTA:

A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Os e as estudantes non asistentes, deben porse en contacto coa docente para establecer a metodoloxía de avaliación da materia.

OUTROS

CRITERIOS A TER EN CONTA:



-
Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

-
Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

-
Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación) gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

-
No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC: obterase a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Bernardo Carrasco, J. e Calderero Hernández, J.F. (2000). Aprendo a investigar en educación. Madrid: Rialp - Castillo Arredondo, S. y Cabrerizo Diago, J. (2011). Evaluación de la intervención socioeducativa : Agentes, ámbitos y proyectos. Madrid: Pearson Educación - Corbetta, P. (2007 (2010 reimp.)). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill - Fernández-Ballesteros, R. (2006). Evaluación psicológica : conceptos, métodos y estudio de casos. Madrid: Pirámide - Frábegues, S. (2016). Técnicas de investigación social y educativa. Barcelona: Universidad Abierta de Cataluña - Gil Pascual, J.A. (2010). Bases metodológicas de la investigación educativa : (análisis de datos). Madrid: UNED - Gil Pascual, J.A. (2011). Técnicas e instrumentos para la recogida de información. Madrid: UNED - Greenhalgh, T. (2015). Como leer un artículo científico. Barcelona: Elsevier - Martínez Mediano, C. (2007). Evaluación de programas educativos : investigación evaluativa, modelos de evaluación de programas.. Madrid: UNED - Mateo, J. e Martínez, F. (2008). Medición y evaluación educativa. Madrid: La Muralla - McMillan, J.H. e Schumacher, S. (2005 (2011 reimp.)). Investigación educativa una introducción conceptual. Madrid: Pearson Educación - Pérez Juste, R. (2006). Evaluación de programas educativos. Madrid: La Muralla - Rubio, M.J. y Varas, J. (2004). El Análisis de la realidad en la intervención social : métodos y técnicas de investigación. Madrid: CCS - Ruíz Olabuénaga, J.I. (2003). Técnicas de triangulación y control de calidad en la investigación educativa. Bilbao: Fundación Horreum - Wood, P. y Smith, J. (2017). Investigar en educación. Conceptos básicos y metodología para desarrollar proyectos de investigación. Madrid: Narcea ediciones
Bibliografía complementaria	- Buendía Eisman, L., González González, D. y Pozo Llorente, T. (2004). Temas fundamentales en la investigación educativa. Madrid: La Muralla - Fondevila Gascón, J. F. (2013). El trabajo de fin de grado en Ciencias Sociales y Jurídicas : guía metodológica. Madrid : Ediciones Internacionales Universitarias - García Sanz, M.P. e Martínez Clares, P. (eds.) (2012). Guía práctica para la realización de trabajos fin de grado y trabajos fin de máster. Madrid: Universidad de Murcia

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría da educación/652G01001

Diseño, desenvolvemento e avaliación do currículo/652G01002

Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos/652G01004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos/652G01007

Historia da educación/652G01006

Valores e educación para a igualdade/652G01008

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

